

Acta da reunión extraordinaria da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos

Día: 28 de xaneiro de 2020

HORA: 9:30 -10:46

LUGAR: Sala de Xuntas X 3.2 da ETSE (Santiago)

Asistentes: Cristina Cambeses Franco, Isaac Ferradás Villanueva, Julia González Álvarez, Trinidad de Miguel Bouzas, Ramón F. Moreira Martínez, M. Teresa Moreira Vilar, Anuska Mosquera Corral, M. Carmen Palacios Oubiña e Ana M. Soto Campos

Disculparon a súa ausencia: Eva Rodil Rodríguez e M. Dámaso Rodríguez Fernández

1. Matrícula segundo semestre Dirección de proxectos de enxeñaría.

A materia “Dirección de Proxectos de Enxeñaría” desenvólvese fundamentalmente mediante seminarios interactivos, nos que cada dous alumnos de máster (supervisados polos profesores da materia) dirixen un grupo de 3 a 5 estudantes de grao na realización dun proxecto enxeñeril que se desenvolve na materia optativa “Proxecto básico de Enxeñaría Química”. Aproximadamente tras unha semana do inicio do módulo, os grupos fórmanse e a dirección comeza. O admitir a alumnos nesta materia sen estar matriculados, por estar pendentos de materias do Grao e/ou da defensa do TFG, é un risco difícil de asumir debido a que en caso de finalmente non superar a/s materia/s, tanto o segundo director do grupo como o alumnado de grao non poderían desenvolver correctamente as súas funcións. Se nesta situación atopácese máis dun alumno de máster, o problema xerado sería irresoluble.

Por tanto, en aras da calidade da docencia tanto para o alumnado do máster como do grao, a Comisión Académica decide que a partir deste curso (o 2019-20 incluído) só se admitirá a matrícula de segundo semestre no Máster dos/as alumnos/as no periodo oficial de matrícula, debendo cumprir nese momento os requisitos de acceso ao título.

Julia González Álvarez
Coordinadora do Máster